

Debido á situación que nos toca vivir estos días de incertidume e aillamento social, as titoras de catro anos de Educación Infantil ofrecémosvos algunhas recomendacións para facer estos días máis levadeiros aos nosos cativ@s.

Coa intención de favorecer un día a día menos estático, divertido e educativo.

As recomendacións son as seguintes:

- ❖ Establecer o antes posible unhas **rutinas saudables e educativas que se manteñan** de forma semanal.
- ❖ Favorecer a **autonomía e a participación** dos nenos/as nas tarefas relacionadas co fogar, a alimentación e a hixiene.
- ❖ Desenvolver **actividades e xogos** para a continuidade e beneficio dunha educación significativa e motivadora:

RELACIONADAS COA PSICOMOTRICIDADE GROSA:

-fomentar o movemento e a coordinación física evitando, na medida do posible, unha rutina estática.

-subir, baixar escaleiras.

-xogos motrices (o escondite, o pilla-pilla, xogos de saltos...)

-bailes seguindo o ritmo de distintas coreografías (Uxía Lambona e a banda molona “Esto bailase así”; Dúo Tiempo de Sol “El cocodrilo Dante”; Cantinuénticos “El monstruo de la laguna”; Cantajuegos “Soy una taza” ...)

RELACIONADAS COA LECTOESCRITURA E O ARTE:

-contos (escoita, interpretación e dramatización dos contos que lle lean os adultos, o neno/a inventa ou conta o conto...)

-manipulación de revistas e periódicos.

-debuxar e colorear.

-escribir palabras coñecidas en letras maiúsculas, o nome, os números...

-crear murais con debuxos e distintas pinturas.

-manualidades coa plastilina e outros materiais.

-recortar e pegar .

- xogo simbólico onde representen a súa forma de ver a realidade (cociña, bonecas, coches, súper...)

RELACIONADAS COA LÓXICA-MATEMÁTICA:

- crear distintas construcións con materiais e formas variadas.
- realizar puzzles e quebracabezas.
- xogar a contar e ordear os números.
- clasificar obxectos segundo a cor, textura, forma...
- favorecer a experimentación con distintos materiais (mediante a elaboración de receitas de cociña, como xogo na bañera, mediante manualidades...)
- xogos de mesa

XOGOS EDUCATIVOS ONLINE:

- Árbol ABC: juegos educativos y didácticos online para niños
(variados e moi motivadores, con publicidade)
- www.educa.jcyl.es
(“¿a qué jugamos? atención, memoria, lógica”; “ Escribe las letras”; “ Memory salvaje”)
- www.infantiljuegos.blogspot.com.es
(“Juegos educativos en español e inglés para niños de 3 a 5 años”; “ XL Infantil”; “ Juegos de habilidad y memoria para 3 y 4 años”)
- www.actividadeseducainfantil.com
(ideas para realizar en casa con los niños/as)
- codigoformativo+blogspot
(xogos educativos variados)

Esperamos que sexan productivas e vos axuden nestes días; un saúdo:

as titoras de catro anos do C.E.I.P.FOGAR.